


Europa

Emilia Seoane Pérez

Conselleira EURES
(EUROpean Employment Services)
Profesora na Universidade de Vigo



Formación e emprego nun espazo europeo común: EUROPASS como recurso para a transparencia

Se retrocedemos ata o Tratado de Roma (1958), nos seus artigos 48 e 49, recoñécese como un dos principios fundamentais que orienta a Unión Europea cara a un desenvolvemento equilibrado e duradeiro, o dereito de libre tránsito de bens, servizos, capitais e persoas.

A cidadanía europea, á que se alude no Tratado da Unión, debe exercitarse nun contexto de verdadeira liberdade de circulación de persoas dentro do espazo común europeo.

Xa hai anos que estudantes (Erasmus, Sócrates ou Leonardo, por exemplo) e traballadores se veñen movendo por Europa. Para que esta mobilidade profesional ou de estudos se produza en termos de homoxeneidade e transparencia, é necesario que se cumpra unha serie de condicións que dende o ano 1999, de modo máis

xeneralizado se vén tratando, sobre todo, no eido universitario e no marco do que se coñece como a Declaración de Boloña. Esta Declaración asínana 29 estados membros como alternativa ante os atrancos detectados no referente á mobilidade dos universitarios nun espazo europeo común de educación superior e como resposta ás novas necesidades que a Europa que se estaba a construír, ía demostrando que tiña. E é precisamente a partir da educación e da formación ao longo da vida dende onde hai que a garantir.

Deste xeito, a Declaración de Boloña, marcará un antes e un despois a favor da mobilidade estudiantil e, como consecuencia, tamén da profesional, de titulados universitarios, profesores e investigadores. A Universidade de Boloña, a máis antiga de Europa, pasará a converterse dende ese momento no lugar no que o avoengo se conxuga cun escenario de proxección de novos tempos, con mudanzas

significativas que unha nova Europa precisaba para seguir avanzando na converxencia e na mobilidade. Será tamén nesa cidade onde se asine a Declaración de Boloña (Boloña, xuño 1999), que ten como obxectivo mellorar os sistemas europeos universitarios de cara ao fomento da mobilidade estudiantil e profesional.

A Declaración de Boloña, considerando o que sería un novo paradigma para un novo modelo de sociedade baseado na aprendizaxe ao longo de toda a vida, marca uns fins estratéxicos que se deben ter en conta para mellorar o sistema universitario europeo, e as etapas sucesivas do proceso, que se concreta en:

- Adoptar un sistema facilmente entendible e comparable de titulacións a través do suplemento ao título.
- Adoptar un sistema de títulos universitarios baseado en dous niveis: grao e posgrao.
- Establecer un sistema de créditos

compatible, centrado no estudante e que fomente a mobilidade.

- Promover a mobilidade de estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos das universidades e doutras institucións de ensino superior.
- Promover a dimensión europea na educación superior con especial énfase no desenvolvemento curricular, a cooperación interinstitucional, os programas de estudo e a investigación.

Esta Declaración marcaría o inicio dun proceso e daríalle nome, mesmo, ao seu longo percorrido, o “Proceso de Boloña”. Dende aquela, ademais dos encontros que se organizan en cada estado membro sobre o tema, establécese un calendario de traballo con reunións en distintas cidades europeas, quedando fixada a celebración da próxima no ano 2007 en Londres.

Hoxe en día os diferentes estados participantes seguen a traballar no deseño e na creación do seu propio marco legal para conseguir levar a termo o proceso. Proceso que vai avanzando a ritmos diferentes en cada estado e que establece o 2010 como horizonte de partida do EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Por outra parte, á hora de presentar os expedientes e documentos informativos persoais, dáse a benvinda, á vez que se reitera a necesidade de crear un conxunto-paquete de documentos entendibles e recoñecidos a nivel europeo. Estes deben resultar unha

ferramenta útil para as cidadás e os cidadáns europeos que desexen ser partícipes da mobilidade estudantil ou laboral entre os diferentes estados membros. De xeito que poidan amosar e dar a coñecer aquela información educativa/formativa e competencial ante o centro educativo receptor, no caso dos estudantes, e ante os que empregan, no caso dos demandantes de emprego.

Algún documento, aínda que fose de maneira illada xa se tiña deseñado, coma o Curriculum vitae europeo divulgado no ano 2002. E é actualmente co Europass, cando se bosquexa nalgúns casos e se recupera e modifica noutros e, ademais, se recoñece por parte dos órganos competentes europeos e estatais.

Este conxunto permite presentar toda esta información a través dos diversos documentos que o forman. Algúns son comúns para calquera cidadán, como é o caso do Curriculum vitae Europass, e outros, específicos, en función da formación acadada por cada individuo, como é o caso dos Suplementos aos Títulos/Certificados e/ou Títulos Superiores.

EUROPASS: orixe e obxecto

A orixe de Europass atópase na Decisión nº 2241/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de decembro de 2004 (DOCE 31-12-2004), no que se aproba e se publica posteriormente.

Trátase dun expediente persoal e coordinado de documentos que ten

como finalidade establecer un marco comunitario único para fomentar a transparencia das cualificacións e das competencias das cidadás e dos cidadáns que o poderán utilizar para unha mellor e máis clara comunicación e presentación en toda Europa, facilitando e axudando así á mobilidade profesional e estudantil.

Europass contribúe a abrir portas ao traballo e á formación en Europa e debe usarse, sobre todo, nas seguintes situacións:

- No caso de participar nun programa educativo ou formativo noutro país.
- No caso de buscar emprego no estranxeiro.
- No caso de desprazarse profesionalmente por toda Europa.

Nesta Decisión do Parlamento Europeo e do Consello, contéplase:

- A Comisión consultará os interlocutores sociais e outros interesados a nivel europeo, inclusive os organismos de educación e de formación, no tocante a estes documentos.
- Cada estado membro será responsable da aplicación da presente Decisión a escala nacional (artigo 11), e para o efecto, designará un Centro Nacional Europass (CNE), que será o encargado de coordinar todas as actividades comprendidas na Decisión a nivel dese estado. Establécese así, unha rede europea CNE, na que a Comisión será a que se ocupe da coordinación de actividades.

Así mesmo, no seu artigo 12, alúdese ás competencias conxuntas da Comisión e dos estados membros, nos termos que se indican deseguido:

- Garantirán a realización a nivel comunitario e nacional das actividades adecuadas de promoción e información, dirixidas, entre outros, aos cidadáns, aos centros de ensino e formación, aos interlocutores sociais e ás empresas, incluídas as PEMES, prestando apoio e integrando, cando cumpra, a acción dos CNE.
- Garantirán a oportuna cooperación, ao nivel que corresponda, cos servizos correspondentes, en particular coa rede EURES e con outros servizos comunitarios.
- Adoptarán medidas para facilitar a igualdade de oportunidades, en particular, dirixidas aos actores pertinentes, a través de campañas de sensibilización.
- Garantirán a participación de todos os interesados, incluídos os organismos de educación e de formación e os interlocutores sociais, na aplicación da Decisión.
- Garantirán o pleno respecto da normativa comunitaria e de cada estado no relativo ao tratamento dos datos persoais e á protección da vida privada en todas as actividades relacionadas coa aplicación da Decisión.

No Estado español, e dependente do Ministerio de Educación e Ciencia, púxose en marcha o Punto Nacional de

Referencia sobre as Cualificacións (PNR), que é un nó de información sobre cualificacións profesionais que facilita a transparencia das mesmas e dende o que proporcionan información, entre outros temas, sobre os documentos que integran Europass e os seus formatos. Pódese acceder a máis información a través do seu sitio web: [/www.mec.es/educa/jsp/plantilla.jsp?id=111&area=pnr](http://www.mec.es/educa/jsp/plantilla.jsp?id=111&area=pnr)

Documentos que compoñen EUROPASS

En Europass, hai que diferenciar os documentos que o integran, tendo en conta dous criterios:

- 1º- Que o documento teña que ser elaborado pola propia persoa candidata á mobilidade ou que o fagan as administracións e/ou organismos competentes.
- 2º- Segundo o nivel de estudos/formativo que a persoa posúa, que terá que presentar un Certificado/ Título ou ao Título Superior.

Así pois, considerando o primeiro dos criterios mencionados, os documentos que compoñen Europass son (véxase figura 1).

En ningún caso, os Suplementos ao Título/Certificado ou ao Título Superior substitúen o título ou o certificado, simplemente o acompañan para efectos informativos ou se axuntan ao Curriculum vitae, tampouco eximen da

necesidade dos trámites pertinentes para o recoñecemento e a validación do título (da equivalencia ou da homologación do mesmo) noutro país diferente ao da obtención, tanto para efectos de continuación de estudos como para o exercicio profesional.

Para acceder a Europass e a calquera dos seus documentos ou formularios, pode localizarse en diferentes formatos e na meirande parte das linguas dos Estados membros, vía internet, dende:

<http://europass.cedefop.eu.int>
<http://eures.europa.eu>

No próximo número: Curriculum vitae Europass

En función de quen os elabora	Documentos
Elabora a persoa interesada	<p>Curriculum vitae Europass “cv europass” (cualificacións e competencias persoais)</p> <p>Pasaporte de linguas Europass (competencias lingüísticas persoais)</p>
Elabora e expide a Administración competente	<p>Documento de mobilidade Europass (períodos de aprendizaxe e formación en países distintos ao propio)</p> <p>Suplemento Europass ao título/certificado (aptitudes e cualificacións correspondentes a un certificado de formación profesional)</p> <p>Suplemento Europass ao título superior (información sobre os coñecementos e as capacidades adquiridas nos estudos superiores)</p>

(figura 1)